




CLASIFICACIÓN DOS PROXECTOS

VIII. CLASIFICACIÓN DOS PROXECTOS

Clasificando os proxectos segundo a porcentaxe do gasto que se destina a infancia pódense distinguir os seguintes grupos: i) Proxectos sen gasto en infancia; ii) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia inferior á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (14,1%), iii) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia igual á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (14,1%); iv) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia superior á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (14,1%) pero menor do 100% do gasto do proxecto; v) Proxectos co 100% do gasto destinado a infancia e adolescencia. A partires desta clasificación, o Gráfico 13 resume os resultados.

Ao 57,3% do orzamento estáselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia segundo a porcentaxe que esta poboación supón sobre o total (14,1%), un 7,9% non ten gasto asociado a infancia e adolescencia e un 20,4% do gasto do orzamento está destinado exclusivamente a este colectivo.

Gráfico 13. Porcentaxe do orzamento segundo categorías dos proxectos




Fonte: Consellería de Facenda

O importe dos proxectos sen gasto en infancia ascende a 926 millóns de euros, un 7,9% do orzamento. Este valor distribúese por consellerías do seguinte xeito: un 48,7% corresponde á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, un 24,5% á Consellería de Emprego e Igualdade, un 12,9% á Consellería do Mar e un 5,3% á Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

2

Para obter esta cifra realizouse o seguinte cálculo. Poboación de Galicia a 1 de xaneiro 2021 (operación estatística Cifras de poboación do INE): 2.694.245; Poboación en Galicia menor de 18 anos (segundo a mesma fonte): 380.166; Porcentaxe de poboación en Galicia menor de 18 anos en 2021: 14,1%.

Gráfico 14. Porcentaxe por Consellería do importe dos proxectos sen gasto en infancia e adolescencia




Fonte: Consellería de Facenda

Ao considerar o **gasto dedicado á infancia e a adolescencia** e tendo en conta as categorías dos proxectos a distribución é a que se mostra na seguinte gráfica.

O 42,8% do gasto corresponde a proxectos onde a porcentaxe dedicada á infancia e adolescencia é do 100%, O 28,6% do gasto rexístrase en proxectos con 14,1% destinado a este fin, os proxectos onde a porcentaxe se sitúa entre o 14,1% e o 100% representan o 27,5% do gasto e por último o 1,1% corresponde a aqueles proxectos con porcentaxes menores do 14,1%.


Gráfico 15. Porcentaxe do gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos



Fonte: Consellería de Facenda

Nas seguintes gráficas móstrase para cada grupo de proxectos como se distribúe o gasto segundo as diferentes consellerías.

Gráfico 16. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia por Consellería segundo categorías dos proxectos




Fonte: Consellería de Facenda

VIII.1. Análise por dereitos da infancia

Dentro dos proxectos que imputan o 100% do seu gasto á infancia e adolescencia, o dereito con maior porcentaxe deste tipo (referido ao importe dos mesmos sobre o total do dereito) é o de Protección (73,5%), seguido do de Desenvolvemento Pleno (65,5%). Pola contra, son os dereitos de Outros Bens Públicos e o de Información os que presentan a maior porcentaxe de proxectos co 14,1% de gasto en infancia, o 81,9% no primeiro caso (dato esperable ao tratarse dunha partida máis xeralista) e o 97,3% no segundo. O Gráfico 17 resume estes resultados.

Gráfico 17. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos por dereitos da infancia




Fonte: Consellería de Facenda

VIII.2. Análise por categoría de gasto

Dentro dos proxectos que imputan o 100% do seu gasto á infancia e adolescencia, a categoría de gasto con maior porcentaxe deste tipo (referido ao importe dos mesmos sobre o total da categoría) é, como non podería ser doutro xeito, a de Presenza de nenos/as (97,4%), seguido da de Presenza de adultos/as e nenos/as (50,9%). Pola contra, é nas categorías de Presenza de adultos/as e de Bens Públicos onde o gasto en infancia e adolescencia é maior en proxectos aos que se lle imputa o 14,1% (97,8% e 94,9% respectivamente). O Gráfico 18 resume estes resultados.

Gráfico 18. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos por dereitos da infancia



Fonte: Consellería de Facenda

